

ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO DA CORPORACIÓN, DO 23 DE ABRIL DE 2018

Na Casa do Concello de Silleda, ás dez horas e trinta do día vinte e tres **(23) de Abril** do ano dous mil dezaoto (2018), reúnese o Pleno da Corporación, en primeira convocatoria de sesión extraordinaria.

Expediente Admnón Electrónica nº **1011/2018**.
(<https://gestion-05.espublico.com>).

Órgano : PLENO. EXTRORDINARIO.
Día : **VINTE E TRES, (23) de ABRIL, LUNS.**
Hora : **DEZ HORAS TRINTA (10-30).**
Comisión
Informativa: DEZ HORAS QUINCE (10-15) DO LUNS 23 DE ABRIL.

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Manuel Cuíña Fernández, (PsdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

D. Kaus Brey Montana, (PsdeG-PSOE)
D^a. Ana Luísa González Costa, (PsdeG-PSOE)
D. Jesús Taboada Lázara, (PsdeG-PSOE)
D^a. M^a del Pilar Peón Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Manuel Iglesias, (PSdeG-PSOE)
D. Benito Saavedra Vazquez (PSdeG-PSOE)
D. José Luís Espiño Espantoso, (PP)
D. Ignacio Maríl Pardo, (PP)
D^a. M^a del Carmen Folla González (PP)

Non asisten: D^a. Natalia Iglesias Mendez (PP), D. José Antonio Ramos Dobarro (PP) e D. Matías Rodríguez da Torre, (BNG). Tampouco o Interventor por compromisos oficiais.

SECRETARIO XERAL: Manuel Quintáns Queiruga, Secretario do Concello, que da fe do acto.

OBSERVACION: coa instalación da Administración Electrónica, por razóns de simplicidade e operatividade, dado que os documentos se cargan nesa plataforma, e, sobre todo, van asinados dixitalmente, co engadido de que quedan rexistrados de forma fehaciente, este Secretario se inclina pola fórmula de deixar constancia na Acta

do número de expediente, de tal xeito que entrando en él se pode verificar o documento –repito, xa asinado e rexistrado-. Asinado. Secretario. M. Quintans.

ORDE DO DIA

1. ADHESIÓN A CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP (Federación de Municipios/Provincias).

Texto que consta rexistrado en:

Expediente Admnón Electrónica nº 1011/2018.
(<https://gestion-05.espublico.com>).

Por unanimidade, se acorda:

PRIMERO.- Adherirse á Central de Contratación da FEMP ao fin de poder contratar as obras, servizos e suministros que oferte, de conformidade as condicións e prezos que se fixen nos correspondentes contratos ou acordos marco que se subscriban entre dita central e as empresas adxudicatarias dos mesmos.

SEGUNDO.- Axustarse ao establecido no Regulamento de Funcionamento da Central de Contratación da FEMP, en concreto, nas cláusulas referentes ao ámbito de aplicación, funcionamento, dereitos e obrigas das Entidades Locais.

TERCERO.- Remitir o presente Acordo á Federación Española de Municipios e Provincias aos efectos oportunos.

2. ADXUDICACION DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO POR DOUS ANOS, logo da proposta da Mesa de Contratación.

INTERVENCIONS:

Alcalde: resume as 2 reunións da Mesa.

Voceiro PP: estima inadecuado que un membro da Mesa emitirá o Informe Técnico, critica o feito de que a cualificación idéntica das 2 plicas supón unha insuficiencia do Prego, que debería ser mais esixente e critica a falta de control do Concello sobre este servizo como se pon de manifesto cos últimos incidentes, hai 5 traballadoras que non van continuar, demora dos pagos municipais, protestas das traballadoras, etc. Por tanto, que se esté en alerta.

Alcalde: considera o colmo que fale da técnica do informe cando é a mesma que o leva facendo nas 2 anteriores adxudicacións. Por certo, que mais tempo leva e que entrou por oposición. Nunca houbo problema ata agora con si os Pregos poden esixir mais.. Si o houbera se valorará.

Concelleira Serv. Sociais: indica que a empresa pasou de comunicar unha relación de 27 traballadoras a outra de 34, e logo a 29. Os servizos xurídicos municipais consideraron que o listado que prevalece é o de 29. E punto. Non `pode a empresa “bailar” deste xeito con ese listado, non é serio.

Alcalde: censura ao voceiro popular que estea actuando coma Avogado de unha empresa coas súas manifestacións. Hai que defender o Concello, non a empresa e sostén que minte, que é falso, que non se pagara a adxudicataria. É tan mentira que vou a poñer a disposición da prensa os xustificantes de pago. Se pagou o día, o día –cunha excepción en Decembro polo peche da contabilidade-. Falsea a realidade o voceiro popular. Tampouco podemos admitir que a empresa pase de 27, a 29, logo a 34. ¿En qué quedamos? O Secretario sinalou 29. Nunca podemos admitir que se xogue deste xeito cun listado, que a empresa ten a obriga de comunicalo.

Voceiro PP: rexeita que sexa Avogado da empresa, xa que está a defender que faltan 5 traballadoras, que está xustificada a súa presenza.

Concelleira Serv. Sociais: amosa a súa sorpresa pola demagogia do Sr. Maril, lembrando que nun anterior Pleno saíu en defensa da empresa. Agora cambia, con outro criterio. Nos sempre estivemos a favor das traballadoras. É demagogia xogar cuns datos de 27 a 34 que lle corresponde a empresa, non ó Concello.

ANTECEDENTES. Nas Mesas de Contratación celebradas os días 10 e 17 de Abril de 2018 acordouse:

(“”)

**1. ACTA de apertura de plicas
LICITACION DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)
([Anuncio BOP nº 45 de 05.03.18](#))**

Expediente Admnón Electrónica/Gestiona: [nº 492/2018](#)

Empresas presentadas:

- 1. ALENTO SRVICIOS e*
- 2. SALUVI (PEDROSO Y ROJAS S.L.).*

Na Sala de Sesións de Silleda, sendo as 1000 horas do día DEZ de Abril (10 Abril) de 2018, se reúnen os membros da Mesa, para a apertura de plicas.

MEMBROS MESA CONTRATACION:

- 1.Manuel Cuiña Fernández, que actua como presidente;**
 - 2.Manuel Quintáns Queiruga (secretario da corporación, que tamén da fe);**
 - 3.Celia González Peteiro, Traballadora Social e**
 - 4.Leopoldo Moure Dopico, Interventor, que actuarán como vogais.**
- Tamén asiste a Concelleira Delegada M^a del Pilar Peón Iglesias**

Se procede a apertura do Sobre A, presentándose a declaración responsable polos dous licitadores.

Seguidamente se abre o Sobre B, acordando a Mesa que se emita un informe técnico de valoración por parte de Celia González Peteiro, Traballadora Social, en condición de profesional especializada na materia.

A continuación, a Mesa, por asentimento, acorda fixar para o vindeiro martes día 17 de Abril a apertura do sobre C, e a cualificación final da licitación.

Faise público, por tanto, que o acto de cualificación definitiva da Mesa de Contratación se efectuará as **1000 horas do martes 17 de Abril do 2018.**

Silleda 10 Abril de 2018.

O SECRETARIO
Manuel Quintans Queiruga
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

2. ACTA de cualificación de plicas
LICITACION DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)
([Anuncio BOP nº 45 de 05.03.18](#))

Expediente Admnón Electrónica/Gestiona: **nº 492/2018**

Empresas presentadas:

1. ALENTO SERVICIOS e
2. SALUVI (PEDROSO Y ROJAS S.L.).

Na Sala de Sesións de Silleda, sendo as 1000 horas do día DAZASETE de Abril (17 Abril) de 2018, se reúnen os membros da Mesa, para a cualificación das plicas.

MEMBROS MESA CONTRATACION:

1. Manuel Cuiña Fernández, que actua como presidente;
 2. Manuel Quintáns Queiruga (secretario da corporación, que tamén da fe);
 3. Celia González Peteiro, Traballadora Social e
 4. Leopoldo Moure Dopico, Interventor, que actuarán como vogais.
- Tamén asiste a Concelleira Delegada M^a del Pilar Peón Iglesias

Dáse conta da valoración do Sobre B, o Proxecto de Xestión, efectuado pola asistente social Celia González Peteiro –cunha puntuación idéntica de 49 puntos para as dúas empresas-, que se incorpora como Anexo a esta Acta

Se procede a apertura do Sobre C, co seguinte resultado:

	Proxecto Técnico do Servizo (49 puntos)	Prezo Ofertado (51 puntos)
ALENTO SRVICIOS	49,00	11,45 €/hora 13,70 €/hora
SALUVI (PEDROSO Y ROJAS S.L.).	49,00	11,40 €/hora 13,70 €/hora

	Proxecto Técnico do Servizo (49 puntos)	Prezo Ofertado (51 puntos)	TOTA L
ALENTO SRVICIOS	49,00	49,7 2	98,72
SALUVI (PEDROSO Y ROJAS S.L.).	49,00	51,0 0	100,00

Visto canto antecede, por asentimento de tódolos presentes,

SE ACORDA:

UNICO: Propoñer ao Pleno a adxudicación do servizo de: “**AXUDA NO FOGAR (SAF)**” a empresa **SALUVI (PEDROSO Y ROJAS S.L.)**, por ser a mellor oferta presentada, de acordo co Prego de Condicións e lexislación aplicable, polo **prezo ordinario de 11,40 €/hora e extraordinario de 13,70 €/hora** ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 1030 horas do dazasete (17) de Abril de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe. Silleda 17-04-2018.

Secretario. Documento asinado lelectrónicamente. Manuel Quintans Queiruga

(“”)

Visto canto antecede, o Pleno da Corporación, por maioría de 7 votos a favor e 3 abstencións,

RESOLVE

Primeiro.- Adxudicar o contrato do servizo de “**AXUDA NO FOGAR (SAF)**” a empresa **SALUVI (PEDROSO Y ROJAS S.L.)**, por ser a mellor oferta presentada, de acordo co Prego de Condicións e lexislación aplicable, polo **prezo ordinario de 11,40 €/hora e extraordinario de 13,70 €/hora** ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido, polo prazo de **DOUS ANOS** .

Segundo.- Requiritr ao adxudicatario para que presente a DOCUMENTACIÓN COMPLETA, logo de presentarse mediante declaración responsable, así como certificación de estar o corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e **AVAL** por importe do 5% da adxudicación, previamente a formalización en documento administrativo do contrato no prazo máximo de dez días hábiles contados desde o seguinte ao de recepción da notificación desta resolución, segundo o disposto na LCSP.

Terceiro.- Notificar este acordo aos licitadores e dispor a súa publicación no perfil do contratante e no diario oficial que proceda.

Seguidamente o Sr. Alcalde indica que da por rematada a sesión.

Recoñecemento ao periodista de La Voz, Pablo Viz. Pero, intervén, fora do Pleno, para manifestar o seu recoñecemento o periodista de La Voz de Galicia, Pablo Viz, que leva moitos anos asistindo as sesións plenarias, facendo unha loa do seu labor profesional, da boa relación que se mantivo, tamén no plano persoal, e desexando que a nova etapa da súa vida, coma xubilado, lle sexa pracenteira e que algunha vez se acorde de pasar por esta Sala, coma visitante. Desexos que da por seguro comparten todos os presentes. O voceiro do PP mostra a súa adhesión o recoñecemento. Pablo Viz agradece as intervencións, asegurando que se sinte emocionado, apuntando unhas reflexións persoais sobre o paso do tempo e os protagonistas desta Sala.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión as 11-00 horas do 23 de Abril de 2018, do que, eu, o Secretario, dou fe.

SECRETARIO

Manuel Quintans Queiruga

